

Análise de contido, tratamento estético e de linguaxe dos informativos audiovisuais en Galicia

Xosé Soengas Pérez*

Ana Isabel Rodríguez Vázquez**

Anxela Chillón Álvarez***

María Salgueiro Santiso****

Resumo

No marco dun proxecto de investigación do Grupo de Estudos Audiovisuais do Departamento de Ciencias da Comunicación da USC deseñouse un sistema de xestión da información audiovisual co obxectivo de realizar un seguemento periódico dos informativos das emisoras de radio e de televisión en Galicia con maiores índices de audiencia e de cobertura autonómica (TVG, TVE-Galicia, RG, RNE-1, COPE, SER, Onda Cero, Radio Voz e Punto Radio). Esta base de datos de acceso *online* elaborouse a partir dunha ficha de análise na que se abordan – desde o punto de vista cuantitativo e cualitativo – parámetros como a xerarquización e estrutura informativa, o desglose temático, ámbito xeográfico (orixe da información), natureza e diversidade de fontes, entre outros. O propósito principal desta investigación, na que se leván analizado máis de 20 mil novas e máis de 30 mil fontes, é obter unha completa radiografía da realidade informativa. Este corpus é susceptible de numerosas aplicacións para a obtención de resultados baseados na complementariedade e interrelacionabilidade, e permite extraer conclusións sobre o tratamento informativo, estético e de linguaxe da información audiovisual en Galicia.

Palabras chave: acceso online, análise de contido, medios audiovisuais, tratamento informativo.

1. Xustificación do proxecto

O principal obxectivo deste artigo é a presentación do proxecto “Análise de contido, tratamento estético e de linguaxe dos informativos audiovisuais en Galicia” que ten

* Director do Departamento de Ciencias da Comunicación

Universidade de Santiago de Compostela | jose.soengas@usc.es

** Universidade de Santiago de Compostela | anaisabel.rodriguez.vazquez@usc.es

*** Universidade de Santiago de Compostela | anxela.chillon@usc.es

**** Universidade de Santiago de Compostela | maria.salgueiro.santiso@gmail.com

como valor de referencia a creación dun sistema propio de xestión de información audiovisual que permite realizar un seguemento periódico dos informativos dos medios audiovisuais. Como xa se referiu no resumo e se explicará máis adiante, esta investigación céntrase no estudo dos noticieiros das emisoras de radio e de televisión en Galicia con maiores índices de audiencia e de cobertura autonómica (TVG, TVE-Galicia, RG, RNE-1, COPE, SER, Onda Cero, Radio Voz e Punto Radio). O propósito principal é obter unha completa radiografía da actualidade galega e do tratamento informativo ao que se somete a través dos medios audiovisuais mediante unha actualización permanente e a compilación nunha base de datos creada *ex profeso* para obter referencias en diversos periodos de tempo (análise diacrónica). Polo tanto, este corpus de máis de 20 mil novas e máis de 30 mil fontes é susceptible de numerosas aplicacións para a obtención de resultados baseados na complementariedade e interrelacionabilidade, e permite extraer conclusións sobre o tratamento informativo, estético e de linguaxe da información audiovisual en Galicia.

Sen embargo, a ferramenta de traballo empregada permite, ademais, a súa aplicación ao seguemento informativo de medios con cobertura estatal (TVE, Antena 3, Telecinco, ...) do que tamén se ten ocupado este mesmo grupo de traballo a través doutros proxectos levados a cabo ao abeiro de accións de I+D con partidas orzamentarias procedentes de diversos departamentos da Xunta de Galicia (Dirección Xeral de Investigación e Innovación dependente da Consellería de Innovación, Industria e Comercio e a Secretaría Xeral de Comunicación dependente de Presidencia da Xunta).

Estes traballos veñen sendo promovidos polo grupo de investigación Estudos Audiovisuais do Departamento de Ciencias da Comunicación da Universidade de Santiago de Compostela (USC), coordinado pola catedrática Margarita Ledo Andión, que desde a súa creación en 2003 mantén abertas diversas liñas de traballo: análise de contidos informativos de radio e de TV, produtos para TV e tecnoloxías aplicadas á produción, espazos xeo-lingüísticos de comunicación, produción de contidos e multiculturalismo, e programación e audiencias en radio e TV. Liñas que se traducen na oferta de diferentes servizos e recursos como a configuración de novos espazos de circulación de produtos audiovisuais e cinematográficos, deseño de produtos audiovisuais, definición de hábitos de consumo, análise de audiencias e estudos estratéxicos de programación, e análise da información audiovisual: produción, tratamento, formatos, estética e linguaxes. Estas liñas de traballo e servizos ofertados materialízanse en varios proxectos de investigación: o documental no ensino/o ensino do documental; asistencia técnica, edición e posprodución de obras audiovisuais; audiovisual, cinema e discapacidade; os contidos dos informativos de radio e de televisión: tratamento informativo, estético e de linguaxe; e o tratamento informativo nos medios de comunicación audiovisuais. Destes dous últimos proxectos, cuxo investigador principal é o catedrático Xosé Soengas Pérez, preséntanse neste artigo a metodoloxía de traballo e as principais conclusións.

2. Metodoloxía de investigación

O proxecto de investigación que se presenta sustenta a aplicación metodolóxica de que a continuación se relaciona nunha base de datos de acceso *online* elaborada a partires dunha ficha de análise na que se abordan – desde o punto de vista cuantitativo e cualitativo – parámetros como a xerarquización e estrutura informativa, o desglose temático, ámbito xeográfico (orixe da información), natureza e diversidade de fontes, entre outros.

Polo tanto, a iniciativa investigadora parte dunha dualidade metodolóxica: dunha banda, susténtase nunha análise cuantitativa para coñecer o grao de presenza de cada temática; e doutra banda apóiase nunha perspectiva cualitativa analizando o enfoque das noticias en cada medio, a natureza e pertinencia das fontes empregadas e dos actores informativos e o tratamento dos elementos que configuran as informacións.

- a) Nesta formulación metodolóxica baséase a selección da mostra segundo as necesidades do obxecto de estudo cuxos resultados permiten obter niveis de seguemento do tratamento informativo diferentes e interrelacionables:
- b) Unha selección mediante o método da semana composta permite unha análise continuada da información nos medios audiovisuais.
- c) A elección do periodo temporal da mostra en función das axendas temáticas permite elaborar estudos pormenorizados de feitos noticiosos concretos (por exemplo, información de crise, procesos electorais, eventos de relevancia social, histórica...).

O seguemento diario e continuado das novas posibilita unha completa radiografía informativa en tódolos ámbitos obxectos de cobertura (temática, xeográfica, temporal, natureza das fontes, enfoques, etc.).

Estas tres dimensións son complementarias e interrelacionables o que lle dá un dobre valor engadido ao traballo de investigación, xa que dun lado permite unha actualización constante dos datos obtidos, e doutro proporciona a posibilidade de establecer comparativas diacrónicas e sincrónicas a tódodos niveis. Como exemplo de aplicación desta metodoloxía susténtase a investigación presentada neste artigo: en “Análise de contido, tratamento estético e de linguaxe dos informativos audiovisuais en Galicia” estudiáronse máis de 20 mil novas dos informativos do mediodía de Televisión de Galicia, Radio Galega, Centro Territorial TVE-Galicia, Radio Voz e as desconexións autonómicas de SER, COPE, ONDA CERO e RNE1, nos anos 2006 e 2007.

3. Análise de contido, tratamento estético e de linguaxe

Para abordar a análise de contido, tratamento estético e de linguaxe dos informativos audiovisuais en Galicia partiuse dunha ficha de baleirado integradora da dobre vertente metodolóxica do proxecto, tanto dende o punto de vista cuantitativo como de índole cualitativa, na que se abordaron todos aqueles aspectos relacionados co obxecto de investigación mencionado con anterioridade. Unha ficha que serviu de punto de

partida á confección dunha ampla base de datos con máis de oitenta campos, artellados nos seguintes apartados:

1. *Identificación*: o nome da emisora, a data e hora de emisión do informativo, o tema da nova, se está ou non destacada en titulares, número que ocupa a nova na orde de aparición do informativo, duración total da noticia, sección temática á que corresponde, sección xeográfica á que pertence e duración da sección.
2. *Contexto espacial e temporal da información*, no que se especifica se existe unha identificación dos lugares que aparecen na nova, indicando a natureza da mesma. Tamén se aclara se se produce unha identificación temporal (horaria) da información, e tamén como se produce.
3. *Orixe da información e natureza das fontes e dos protagonistas*, definindo o foco informativo ou procedencia da nova, se aparecen ou non fontes e número e tipoloxía das mesmas en caso afirmativo: directas ou indirectas, obxectivas ou subxectivas, públicas ou privadas, lexítimas ou ilexítimas, actuais ou de arquivo. Tamén se especifica o tempo dedicado ás fontes, o momento no que se identifican se é que se fai, a fórmula de identificación dos protagonistas da información e a natureza contrastada ou non da mesma.
4. *Estructura da información e formato das novas*, describindo se son datos facilitados mediante cronoloxía lineal, cronoloxía inversa, en zig-zag, pirámide invertida, en espiral, etc.; e, no caso do formato, se é clásico, con declaracións, con entrevista, dialogada, de foco múltiple, retransmisión en directo, breve, etc.
5. *Tratamento dos contidos*, a través dunha narración clara ou confusa, con claridade expositiva ou non, tendenciosa, cun tempo asignado suficiente para a comprensión ou non, información asinada ou non, etc.
6. *Tratamento estético de cada personaxe ou acontecemento*, nomeando se é positivo ou negativo, descritivo, con algún tipo de plano predominante que sexa beneficioso ou prexudicial para a imaxe dese personaxe ou acontecemento, etc. Ademais defínese a forma de presentación e desenvolvemento da nova.
7. *Enfoque*, aclarando a natureza do mesmo e a adecuación do mesmo á información obxecto da nova.
8. *Desequilibrios informativos*, sobor da existencia dunha separación entre a información e a opinión, se hai mostras de propaganda, publicidade ou mensaxes subliminais, carencias de versión ou manipulación.
9. *Novas tecnoloxías da información*, presentes ou non a través de recursos tecnolóxicos ó servizo da información, e a claridade expositiva ou infografía.

O grande número de variables analizadas proporciona un corpus susceptible de numerosas aplicacións para a obtención de resultados baseadas na complementariedade e interrelacionabilidade dos diferentes niveis de análise do que se falaba no apartado de definición da metodoloxía, e dá unha idea máis aproximada da versatilidade do proxecto de investigación.

Nesta ficha – aplicada á base de datos online – susténtase a análise dos informativos seguindo o método da semana composta para a selección das distintas

mostras nos diferentes periodos de tempo a estudar. Sen embargo, e debido á periodicidade diaria coa que se decidiu abordar a mostra na investigación “Análise de contido, tratamento estético e de linguaxe dos informativos audiovisuais en Galicia”, a ficha de baleirado tivo que sufrir un proceso de redución necesario para a viabilidade dunha base de datos permanentemente actualizada en formato web. Ademais dunha dimensión máis concreta dos datos obtidos, facilita a xestión dunha aplicación electrónica a través da que se amosan en tempo real os resultados froito do estudio pormenorizado de cada unha das novas dos informativos.

A ficha queda finalmente integrada por un total de 45 campos correspondentes ás distintas partes da estrutura da ficha de baleirado inicial xa explicada, e na que se recollen as características de cada unha das novas dos informativos analizados. A esta ficha base engádese unha segunda ficha na que se pormenorizan as características de cada unha das fontes empregadas en cada informacións. Ambas fichas son accesibles a través dunha web que posibilitará o acceso en tempo real e permanente á base de datos (ver imaxe 1).

Nº	Últimas Interperceciáns	Data	Emisora
16549	Quieren que se estudie no concello conxunto de orden a posición moderna da central de incineración na saúde	2007-06-29	RNE
16548	A conselleira de Sanidade argumenta un cambio profundo na organización da saúde pública en Galicia	2007-06-29	RNE
16547	Propoñen os problemas entre os produtores de burro de carne de vaca e os da leite por falta de leite	2007-06-29	RNE
16546	Os produtores de carne poden a conselleira de Pesca que mañá como funcionario de traballo de asistencia de	2007-06-29	RNE

Imaxe 1. Web de análise

Na ficha de noticias (ver imaxe 2) inclúense os datos identificativos da nova (emisora onde se emite o informativo, data, tema e título), a presenza e peso da mesma no informativo como conxunto, a tipoloxía do contido da información (política, sociedade, sucesos ou economía), a identificación espacial/temporal, o formato (tema do día, noticia clásica, noticia entrevista, retransmisións, breves, noticia con información complementaria, con declaracións e en exclusiva), o tipo de narración, se se produce unha diferenciación clara ou non entre información e opinión, posibles carencias informativas, e se a autoría do xornalista queda definida.

Documento en Bloque - Microsoft Internet Explorer

Activo Edición Ver Favoritos Herramientas Ayuda

Inicio - Buscar - Favoritos - Búsqueda - Favoritos

Dirección: http://www.estudiosaudiovisuales.com/sistema/noticia.php

Emisora: RNE

Data (aaaa-mm-dd):

Título:

Ordre nos búlares:

Ordre no informativo:

Duración da noticia:

Conteúdo: Política

De ser o caso, indica o tipo de suceso:

Lugar da información: Galicia

Cidade/provincia/CCAA ou país:

Os lugares están identificados?

Os tempos están identificados?

Formato da información: Tema do día

Tipos de noticia:

Noticia política: **Se para radio**

Noticia exclusiva: Se ha comentado político, está integrado

Noticia con declaracións complementaria: Como é o comentario político? A favor de

Contidos da información:

Tipo de narración/redacción: Cláusula expositiva

¿Está asignada? Si

Imaxe 2. Ficha de análise da nova

Por outra banda, a ficha de baleirado da información referida ás fontes empregadas (ver imaxe 3) contará cun campo de identificación da fonte (número de fonte e da noticia, data e nome do cargo ou entidade), ademais da descrición e definición da fonte, presenza e peso informativo da fonte na nova (calibrable a través da duración do corte da mesma no caso de que sexa estilo directo, do momento, da orde e do número de aparicións e tipo de presenza en relación ó resto de fontes), se é contrastada ou sen contrastar, tipo de tratamento (equilibrado ou desigual en relación a outras fontes da mesma nova), tipo de enfoque (positivo, negativo ou neutro) e vinculación da fonte (neutra ou relacionada con elementos positivos ou negativos).

Documento en Bloque - Microsoft Internet Explorer

Activo Edición Ver Favoritos Herramientas Ayuda

Inicio - Buscar - Favoritos - Búsqueda - Favoritos

Dirección: http://www.estudiosaudiovisuales.com/sistema/fuente.php?id=1052

Emisora: RNE

Data: 0000-00-00

Número de noticia: 1052

Nome do cargo ou entidade:

Tipo de suceso: Activo

Categoría: Protagonista

Definir a fonte: Non é fonte

Nome da avaria, se existe indica, de ser o caso, o número de partido ou sindicato: Non hai

Duración (seg): 0

Estilo: Estilo directo

Está contrastada?

É suficiente o tempo? Tempo suficiente para a comprensión

Tipo de tratamento: Non hai fonte

Tipo de presenza: Non hai

Orde de aparición: Non hai

Momento da aparición: Só o caso

Número de cortes:

Enfoque: Non hai fonte

Vinculación: Non existe

Inventar fonte

Imaxe 3. Ficha de análise da fonte informativa

A visualización dos resultados (ver Imaxe 4) presentáse en función da presenza e do enfoque de tratamento que as emisoras lle prestan ás fontes consultadas nas distintas novas do día. Isto permite, mediante valores cuantitativos (duración dos cortes) e cualitativos (análise do enfoque), obter un coñecemento exhaustivo da selección de fontes empregadas polos xornalistas.

<http://www.estudiosaudiovisuais.com/resultados/onte.php>

XUNTA DE GALICIA
 PRESIDENCIA
 Secretaría Xeral de Comunicación

Sistema de xestión de información audiovisual
 Versión 1.0
 Autor do proxecto: Grupo de Estudos Audiovisuais
 Universidade de Santiago de Compostela
 Teléfono de contacto: 981 56 31 00 Ext. 14500
 Mail: xmgca@gax@usc.es

[Últimos resultados](#) | [Resultados do último mes](#) | [Resultados dos últimos 10 días](#) | [Partidos Políticos](#) | [Temas](#) | [Búsqueda](#)

[Nota: 0 segundos implica que a fonte non falou, pero foi citada]

Data	Nome da fonte	Emisora	Duración	Enfoque
29/06/2007	ADMINISTRADOR LONXAS DE RIBEIRA	TVG	16 seg.	Neutro
Datos do día anterior	ALCALDE DE ARNOIA (R. MARTINEZ)	Cope	0 seg.	Neutro
Datos do día seguinte	ALCALDE DE FERROL VICENTE IBARRI	Radio Galega	14 seg.	Neutro
	ALCALDE DE LUGO	RNE	18 seg.	Neutro
	ALCALDE DE LUGO (L. OROZCO)	Cope	0 seg.	Neutro
	ALCALDE DE LUGO, LÓPEZ OROZCO	Radio Galega	27 seg.	Neutro

Imaxe 4. Interface gráfica de visualización dos datos en función da presenza da fonte

A partir desa primeira pantalla, se a persoa que consulta estes datos ten interese por unha fonte en concreto (exemplo: Administrador Lonxas de Ribeira) pinchando sobre ela conduceo a outra pantalla cunha información máis completa na que aparecen descritos campos como: o nome da noticia, a data, a duración do corte da súa intervención, a identificación temática, espacial e temporal da nova, o tratamento que se fai do personaxe comparandoo con outras, tipo de presenza e o enfoque da mesma (ver imaxe 5).

http://www.estudiosaudiovisuais.com/resultados/detalle_inicio.php?id_fontes=24989

XUNTA DE GALICIA
 PRESIDENCIA
 Secretaría Xeral de Comunicación

Sistema de xestión de información audiovisual
 Versión 1.0
 Autor do proxecto: Grupo de Estudos Audiovisuais
 Universidade de Santiago de Compostela
 Teléfono de contacto: 981 56 31 00 Ext. 14500
 Mail: xmgca@gax@usc.es

[Últimos resultados](#) | [Resultados do último mes](#) | [Resultados dos últimos 10 días](#) | [Partidos Políticos](#) | [Temas](#) | [Búsqueda](#)

Datos principais > Detalle

Nome da fonte:	ADMINISTRADOR LONXAS DE RIBEIRA
Nome da noticia:	comeza a veda do centolo
Data:	29/06/2007
Emisora:	TVG
Duración (seg):	16 - [Nota: 0 segundos implica que a fonte non falou, pero foi citada]
Lugar da Información:	Galicia (fisteria/a coruña)
Tema do que fala:	economía-sector pesca
Tipo de contido:	Economía
Número de orde da noticia:	29
Tratamento que se fai da personaxe comparado con outras:	Neutro ou equilibrado
Tipo de presenza:	Neutro ou equilibrado
Enfoque:	Neutro

[Últimos resultados](#) | [Resultados do último mes](#) | [Resultados dos últimos 10 días](#) | [Partidos Políticos](#) | [Temas](#) | [Búsqueda](#)

XUNTA DE GALICIA y FORGA

Imaxe 5. Interface gráfica de visualización da nova na que aparece a fonte

Os resultados na interface gráfica son amosados dende unha perspectiva temporal con pantallas específicas para últimos resultados (día anterior, últimos 10 días e último mes), presenza de temas — clasificandoos por mes e atendendo ao número de aparicións ou fontes, tempo e a porcentaxe relativa aos enfoques cos que foron tratados as persoas consultadas para cada tema — (ver imaxe 6) e por partidos políticos — analizando as aparicións o tempo e o enfoque das mesmas (ver imaxe 7).

Tema da noticia	Aparicións	Tempo	Enfoque		
			Positivo	Neg.	Neutro
	0	29 seg.	+ (0.00%)	+ (0.00%)	+ (0.00%)
20070604	2	25 seg.	+ (50.00%)	+ (0.00%)	+ (50.00%)
20070605	1	20 seg.	+ (100.00%)	+ (0.00%)	+ (0.00%)
20070606	2	60 seg.	+ (100.00%)	+ (0.00%)	+ (0.00%)
abastecemento de augas	2	0 seg.	+ (0.00%)	+ (0.00%)	+ (100.00%)
aborto	1	89 seg.	+ (100.00%)	+ (0.00%)	+ (0.00%)
accidente de tráfico	6	75 seg.	+ (0.00%)	+ (0.00%)	+ (100.00%)
accidente en Cervantes	1	0 seg.	+ (0.00%)	+ (100.00%)	+ (0.00%)
accidentes de tráfico	9	127 seg.	+ (0.00%)	+ (32.50%)	+ (67.50%)

Imaxe 6. Interface gráfica de visualización da nova en función dos temas

Partido político	Aparicións	Tempo	Enfoque		
			Positivo	Neg.	Neutro
BNG	86	2022 seg.	+ (7.14%)	+ (0.00%)	+ (92.86%)
CCOO	25	548 seg.	+ (0.00%)	+ (0.00%)	+ (100.00%)
CIU	23	696 seg.	+ (0.00%)	+ (4.35%)	+ (95.65%)
EP	2	23 seg.	+ (0.00%)	+ (0.00%)	+ (100.00%)
PPdG	128	2990 seg.	+ (0.81%)	+ (0.00%)	+ (99.19%)
PSdG	78	1717 seg.	+ (1.29%)	+ (1.29%)	+ (97.44%)
PSOE	3	57 seg.	+ (0.00%)	+ (0.00%)	+ (100.00%)
UXT	20	371 seg.	+ (10.00%)	+ (0.00%)	+ (90.00%)

Imaxe 7. Interface gráfica de visualización da nova en función do partido político

Esta aplicación web tamén ofrece un buscador interno a través do cal se pode buscar o a presenza dunha fonte nun período de tempo específico entre dúas datas concretas introducindo os campos de nome da fonte, data de inicio e de fin.

Ambas fichas están permanentemente dispoñibles a través da web deseñada para soste a actualización da base de datos, o que facilita o proceso de traballo dos investigadores. Ademais un enlace permite a conexión FTP co servidor no que se atopan os arquivos cos informativos susceptibles de análise, accesibilidade que favorece a descarga dos mesmos para o baleirado, a verificación dos datos introducidos tralo proceso e a modificación en caso de erro.

4. Conclusions

Como xa se ten indicado, as fichas de análise do proxecto presentado neste artigo deron como froito un corpus de 20 mil novas, do que se derivou outro composto por 30.000 fontes informativas. Os datos obtidos permiten facer un estudo sistemático e riguroso da actualidade galega, caracterizado por unha serie de trazos distintivos:

- **Diversidade temática:** a heteroxenidade da natureza das novas é unha das características primixenias derivadas da análise dos informativos. Esa diferenciación (Soengas, 2007) é unha constante e, a vez, un reflexo dos acontecementos de natureza diverxente que conforman a realidade mediática. Aínda que a variación temática se mantén, o criterio xeográfico tamén se emprega como base para agrupar os feitos noticiosos. Daí que os dous eixos sobre os que se asenta a estrutura para organizar os contidos son o temático e o xeográfico. A partir da convivencia destes dous parámetros establécese unha clasificación que permite a catalogación das novas en seis seccións consideradas clásicas e aceptadas por autores que investigan sobre información audiovisual: política, sucesos, economía, sociedade, nacional e internacional (Casetti et al, 1999).
- **A homoxenización dos contidos:** a uniforme axenda mediática, por un banda, é froito da organización do traballo xornalístico e o seu exercicio diario, consolidados a través das rutinas produtivas, cada vez máis estandarizadas, que actúan como garantía e que, en ocasións, se transforman en factor de distorsión do proceso afectando directamente aos contidos informativos que transmiten ás audiencias (Túñez, 1999). Por outra banda, é produto da hexemonía que ostentan os centros neuráxicos da información que contan con activos gabinetes de comunicación¹ (Gomis, 1990) e da adquisición dunha parte importante das novas redactadas polas axencias de noticias (Muro Benayas, I., 2006). Nalgúns casos o medio só actúa como “*correa de transmisión*” entre a información da axencia e/ou fonte e a súa audiencia. Ademais, a maioría dos medios de comunicación comparte fontes e como consecuencia dispoñe de temas e de datos similares para a confección da “*realidade coñecida*” (Túñez, 1999). Isto unido ao feito de que manteñen modelos produtivos miméticos implica que sexa difícil ofrecer unha versión distinta da actualidade. A causa da utilización desas prácticas laborais similares débese a que as empresas xornalísticas se configuran como estruturas que operan con criterios industriais:

“Los principios de máxima eficacia y mínimo coste y su corolario, la rutinización de las tareas, la división y especialización del trabajo, penetraron profundamente en los procesos informativos” (Villafañe et al, 1987:146)

O que implica que cada vez diminúa máis a información de produción propia nos medios de comunicación, entre eles os audiovisuais, xa que o xornalismo de investigación é moito máis caro que a adquisición das informacións elaboradas

¹ “Desde los propios gabinetes se defiende su trabajo como un ‘apoyo’ al periodista aunque, a la vez, se reconoce que su actividad está orientada también a condicionar a la opinión pública a favor de la empresa o institución para la que trabajan e incluso a condicionarla directamente a favor de sus dirigentes, con ánimo político o económico” (Túñez, 1999: 37)

polas axencias, que abaratan os custos porque afórrase nos medios técnicos precisos para a cobertura informativa e o gasto derivado do desprazamento dos xornalistas. (Soengas, 2007).

- Desequilibrios informativos atendendo á procedencia xeográfica da información: a clasificación das novas atendendo ao seu orixe permite coñecer o grado de presenza ou de silenciación de países, de comunidades autónomas, de provincias e de cidades na axenda mediática dos medios galegos.

Estes trazos plásmanse no primeiro estudo de caso que se presenta neste artigo: unha análise que se centra nos desequilibrios informativos atendendo ás seccións temáticas e ao ámbito xeográfico de procedencia da información. Como segundo estudo de caso, e para mostrar a versatilidade e especificidade que no caso concreto da natureza das fontes ofrece a ferramenta de análise presentada, amósanse resultados sobre o tratamento informativo do Goberno bipartito galego (Xunta de Galicia) nos medios de referencia.

Para a análise escolléronse dúas semanas segundo o sistema da mostra aleatoria: a semana do luns 29 de maio ao venres 2 de xuño, e a do luns 27 de novembro ao venres 1 de decembro de 2006. Durante eses períodos analizáronse os informativos de mediodía das empresas galegas e das delegacións en Galicia dos medios audiovisuais máis representativos: COPE-Galicia, Punto Radio-Galicia, Radio Galega, Radio Nacional de España-Galicia, SER, Televisión de Galicia e Televisión Española-Galicia. En total estudáronse 445 noticias e 802 fontes informativas.

4.1. Estudo de caso sobre os desequilibrios informativos segundo as seccións e o ámbito xeográfico

Con este estudo de caso preténdese facer unha aproximación sobor da temática predominante nos informativos audiovisuais galegos, así como determinar o papel que xoga o factor xeográfico á hora da escolla dunha información para elaborar unha nova en ditos medios.

Tendo en conta os datos analizados, é indubidable o predominio da información política nos medios audiovisuais galegos, á que se dedica a metade do tempo dispoñible. O contido social e, en menor medida, os sucesos son tamén focos de interese. A información de carácter económico é a que menos atención recibe na realidade mediática.




Gráfico 1: División das novas segundo a sección.

Fonte: Elaboración propia

Destaca o peso da provincia da Coruña como punto xeográfico identificado onde maior número de informacións políticas se producen (a ubicación dos órganos de goberno autonómico pode explicar esta situación).



Gráfico 2: Distribución xeográfica das novas da sección de política.

Fonte: Elaboración propia

A Coruña, aínda que esta vez seguida máis de perto por Pontevedra, é tamén o foco fundamental da información de carácter social, duplicando e incluso triplicando o número de novas que se dedica ás outras provincias galegas.




Gráfico 3: Distribución xeográfica das novas da sección de sociedade.

Fonte: Elaboración propia

A predominancia coruñesa detectada nos contidos políticos e sociais non se repetirá no caso da información de sucesos, onde a provincia de Pontevedra se erixe como protagonista absoluta deste tipo de novas. Destaca tamén a case nula presenza neste senso da única provincia interior galega.




Gráfico 4: Distribución xeográfica das novas da sección de sucesos.

Fonte: Elaboración propia

A economía, como xa se comentou con anterioridade, é o contido con menor presenza nos informativos audiovisuais galegos. Como no caso da sección de sociedade, A Coruña e Pontevedra acaparan practicamente todo o protagonismo, relegando a Lugo a un papel anecdótico. Sinalar a nula presenza de información de carácter económico relativa á provincia de Ourense.



Gráfico 5: Distribución xeográfica das novas da sección de economía.

Fonte: Elaboración propia

Deixando á marxe a sección das novas e observando con maior detalle a procedencia xeográfica da información, a provincia da Coruña acapara, como xa se viña observando nos anteriores datos, a maioría do espazo informativo na radio e na televisión de Galicia, seguida de preto pola provincia de Pontevedra. Polo contrario, o espazo que os medios dedican á provincia de Lugo e sobre todo á de Ourense é notablemente moi reducido.



Gráfico 6: Distribución xeográfica das novas.

Fonte: Elaboración propia

Se profundizamos na natureza xeográfica da información e atendemos ás sete grandes cidades galegas en contraste co medio rural, podemos constatar que o medio urbano é o grande protagonista das novas de ámbito non xeral.




Gráfico 7: Distribución das novas non xerais segundo a procedencia rural ou urbana.

Fonte: Elaboración propia

Santiago de Compostela é a cidade galega con maior presenza nos medios audiovisuais, con case a metade da información urbana (máis que probablemente determinado pola súa condición de capital de Galicia e núcleo administrativo e polo peso xeral da información de carácter político), seguida de lonxe por Vigo, Lugo, Pontevedra e A Coruña. Pola contra, Ourense e Ferrol acadan as cotas máis baixas.




Gráfico 8: Distribución das novas de información urbana segundo a cidade.

Fonte: Elaboración propia

A preponderancia da provincia coruñesa vaise ver desprazada no caso da información de carácter rural por Pontevedra. O que non muda é a situación dos municipios de Lugo e Ourense que, como tamén se detectaba no caso das cidades, son os que menos atención acaparan dos medios.




Gráfico 9: Distribución das novas de información rural segundo a provincia.

Fonte: Elaboración propia

Pódese concluir con que a información política de carácter urbano é a grande protagonista da realidade mediática galega, con Santiago de Compostela como núcleo que acapara a maior atención da radio e televisión de Galicia. No caso contrario atoparíanse as novas con contido económico focalizadas no entorno rural de Lugo ou Ourense, as que con maior dificultade acceden á proxección pública.

4.2. Estudo sobre natureza das fontes: o caso do Goberno bipartito galego

O obxectivo principal desta análise é a visualización do tratamento que os medios de referencia fan dos dous partidos (PsdeG e BNG) que conforman o Goberno galego e de cara a detectar posibles desequilibrios informativos. Elexiuse o estudo destas

fontes políticas, en primeiro lugar como exemplo das múltiples aplicacións que ofrece a base de datos elaborada, e en segundo termo pola relevancia que as novas políticas teñen no conxunto da información audiovisual galega, como se puxo de manifesto no anterior epígrafe.

No intervalo temporal escollido a configuración do poder gubernativo galego distribúese da seguinte maneira: o PSdeG ostenta a Presidencia da Xunta e oito consellerías (Traballo; Educación e Ordenación Universitaria; Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible; Pesca e Asuntos Marítimos; Presidencia, Administración de Xustiza...; Economía e Facenda; Sanidade; e Política Territorial, Obras Públicas e Transportes), e o BNG pola súa parte lidera a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar Social e un total de catro consellerías (Medio Rural, Vivenda e Solo, Cultura e Deporte, e Innovación e Industria).

Do total de novas analizadas nas que tanto o presidente coma o vicepresidente da Xunta de Galicia son fontes obsérvase un claro predominio do titular do Executivo galego que aparece en máis do 70% fronte a un escaso 30% de ocasións nas que se recorre ao vicepresidente como fonte informativa. Situación xeralizada no conxunto de medios analizados, tanto de carácter público como privado. Concretamente, no caso dos medios audiovisuais dependentes dos orzamentos galegos (TVG e RG) é predominante a presenza de Emilio Pérez Touriño (PsdeG) cun casi 35%, fronte a Anxo Quintana (BNG) cun 10% de aparicións (ver Táboa 1)

	Presidente da Xunta	Vicepresidente da Xunta
COPE	3'4%	0%
RG	13'8%	1'7%
RNE-1	17'2%	3'4%
TVE-G	6'9%	0%
TVG	20'7%	8'6%
Punto Radio	8'6%	0%
SER	10'3%	3'4%

Táboa 1: comparativa en nº de aparicións do presidente e do vicepresidente da Xunta nos distintos medios.

Fonte: elaboración propia

Analizando as fontes informativas segundo criterios de peso político das dúas forzas políticas gobernantes en función das titularidades das distintas consellerías, obsérvase, pola contra, que pese a ostentar o PsdeG a responsabilidade dun total de oito consellerías fronte ás catro controladas polo BNG, a presenza mediática da forza nacionalista increméntase, de xeito especial nos medios públicos galegos.

Por consellerías, as que actúan como fontes en maior número de novas son Innovación e Industria, Medio Rural, Economía e Facenda, Política Territorial e

Traballo. Pola contra, as consellerías con menor proxección pública a través dos medios audiovisuais galegos son Medio Ambiente e Educación e Ordenación Universitaria.

	Cope	RG	RNE-I	TVE-G	TVG	Punto Radio	SER
PsdeG-PSOE							
Traballo	0%	4'35%	2'90%	0%	2'90%	1'45%	1'45%
Educación e O.U.	0%	1'45%	0%	0%	0%	0%	0%
Medio Ambiente	0%	0%	0%	0%	0%	0%	0%
Pesca e Asuntos M.	0%	1'45%	1'45%	0%	0%	0%	0%
Presidencia	0%	1'45%	2'90%	0%	4'35%	0%	0%
Economía e Facenda	1'45%	2'90%	2'90%	0%	4'35%	1'45%	1'45%
Sanidade	0%	2'90%	2'90%	0%	2'90%	1'45%	0%
Política Territorial	0%	5'79%	4'35%	0%	2'90%	1'45%	1'45%
BNG							
Vivenda e Solo	0%	1'45%	1'45%	0%	0%	0%	0%
Medio Rural	0%	4'35%	1'45%	0%	4'35%	0%	2'90%
Cultura e Deporte	0%	1'45%	1'45%	0%	1'45%	0%	0%
Innovación e Indus.	0%	2'90%	4'35%	1'45%	4'35%	0%	0%

Táboa 2: comparativa en nº de aparicións do presidente e do vicepresidente da Xunta nos distintos medios.

Fonte: elaboración propia

Referencias bibliográficas

- BARKER, Ch. (2003) *Televisión, globalización e identidades culturais*, Barcelona: Paidós.
- CASETTI, F. & DI CHIO, F. (1999) *Análisis de la televisión. Instrumentos, métodos y prácticas de investigación*, Barcelona: Paidós.
- GOMIS, L. (1990) *Los interesados producen y suministran los hechos*, in Análisi nº 13.
- MUÑOZ TORRES, J.R. (2002) *Por qué interesan las noticias: un estudio de los fundamentos del interés informativo*, Barcelona: Herder.
- MURO BENAYAS, I. (2006) *Globalización de la información y agencias de noticias. Entre el negocio y el interés general*, Barcelona: Paidós.
- PRADO, E. (2001) *Información televisiva y nuevas tecnologías, en Periodismo audiovisual ante el 2001*, Universidad del País Vasco.
- SCHECHTER, D. (2004) *Las noticias en tiempos de guerra*. Barcelona. Paidós
- SOENGAS PÉREZ, X. (2008) *El enfoque informativo. Los puntos de vista de una noticia en televisión*, Madrid: Laberinto.
- SOENGAS PÉREZ, X. (2007.) *El control de la información en televisión*, in Ámbitos nº 16.
- SOENGAS PÉREZ, X. (2003) *El tratamiento informativo de lenguaje audiovisual*, Madrid: Laberinto Comunicación.
- TÚÑEZ LÓPEZ, M. (1999) *Producir noticias: Como se fabrica la realidad periodística*, Santiago de Compostela: Tórculo.
- VILLAFANE, J., BUSTAMANTE, E. & PRADO, E. (1987) *Fabricar noticias. Las rutinas productivas en radio y televisión*, Barcelona: Mitre.